



**Helena Bonumá**, secretaría do Goberno de Porto Alegre e membro da Dirección do PT

**“O obxectivo do Goberno Lula é conquistar a soberanía nacional para o Brasil”**

7



### Nos Concellos

O Bloque Nacionalista Galego principiou a precampaña para afrontar a cita electoral do 25 de maio, na que os galegos e as galegas elixirán aos seus representantes nos concellos de todo o país. Até esa data, o BNG tentará transmitir-lle á cidadanía que se pode facer unha política municipal diferente na que o cidadán sexa o protagonista, con gobernos ao servizo da maioría social e comprometidos co país.

4-5

Voceiro do Bloque  
Nacionalista Galego  
2ª época / número 4  
marzo 2003

# BE-NE-GA



“A coisa mais divina que há no mundo é viver cada segundo como **nunca mais**”

Vinicius de Moraes

### “Prestige”

#### Crónica dos 100 días

20 de febreiro de 2003. O comisariado de Meio Ambiente para a catástrofe do Prestige di na Coruña que o fuel que segue chegando á costa é o que se desprende das rochas contaminadas. Os mariñeiros de Muxia que continúan apañando chapapote din que é novo, visguento e que cheira igual que o que tinguíu o Coído en novembro. Cen días despois e as mesmas dúas versións.

3

### A petroguerra

O petróleo desempeña un papel substancial na explicación das razóns ocultas que están no cerne da guerra contra Iraque. O acceso ao petróleo do Golfo é clave para Estados Unidos.

8

### O 30 de marzo, en Cangas

O mar, a paz e o país. Tres motivos para asistir a un acto no que o BNG quere resaltar o seu compromiso coa xente de Galiza perante os comicios locais

Domingo 30 de marzo, ás 12h. no pavillón de Gatañal. Cangas



## EDITORIAL

A dignidade galega ocupou Madrid o 23 de febreiro. O movemento social aglutinado en torno á Plataforma Nunca Máis vultou evidenciar que os galegos e as galegas non nos resignamos perante o ocultamento e a propaganda que pretenden impór os gobernos de Fraga e Aznar. Desexamos a pronta recuperación do País pero non á costa da normalidade dictada por Decreto sen o previo esclarecemento da verdade ou a depuración de responsabilidades políticas máis que obvias. O PP, nervioso ante a contestación social, quere arrastrar-nos a todos no seu inevitabel declive. Obstina-se nas súas prácticas antidemocráticas e dissolve a Comisión de Investigación parlamentaria; recorre reiteradamente á difamación e os intentos por dividir e desprestixiar ao nacionalismo galego e pretende, xa inutilmente, criminalizar a todo o que se mova mediante o intento de trasladar a Galiza análises e tácticas, como a da pretendida "bata-sunización", que non teñen nada que ver coa nosa realidade. Perderon boa parte da súa credibilidade pero seguirán teimando neses ataques porque temen a un BNG preparado para liderar a alternativa que reclama a sociedade galega.

Entramos, ademais, na dinámica preeleitoral dos próximos comicios e no PP saben do desgaste que lles anuncian todos os estudos de opinión. O BNG afronta a precampaña convencido, por unha banda, de que a súa xestión nos gobernos municipais sentou as bases para unha Galiza diferente e seguro, por outra, de que será posíbel fortalecer a presenza institucional do nacionalismo ga-

lego, sempre e cando a cidadanía apoie esa actuación nos Concellos como garantía da rexeneración política e do proxecto nacional que o País precisa.

Entretanto, unha guerra manexada con "soberbia sumisa" polo goberno español. Soberbia e prepotencia coa opinión pública, co mundo da cultura, coa cidadanía masivamente mobilizada; ridículo sometimento a Bush e aos responsabeis da estratexia demole-doramente imperialista do goberno norteamericano. Porque deso se trata. EEUU xoga a impór descarnadamente a súa hexemonia militar, o control dunha zona de interese estratéxico e a súa doutrina de guerra preventiva, con absoluto desprezo da legalidade internacional. A guerra, presentada como antiterrorista, agocha a imposición dunha nova orde mundial que exclue a multipolaridade e impulsa o deterioro das liberdades democráticas.

Non é esta unha guerra máis. Por iso alentamos unha inequívoca resposta galega en contra dunha intervención militar que, alén do inxusto sufrimento para o povo iraquiano, pode ter nefastas consecuencias para o futuro das relacións internacionais. Por iso, tamén, temos a ledicia de coincidir neste obxectivo con millóns de persoas en todo o mundo. Pa-remos a guerra no Iraque. "O petróleo mata".

## LER PARA CRER

**"Rajoy se desmarca de Fraga y Mayor al rechazar una batasunización de la sociedad gallega"** («Faro de Vigo», 28 febreiro)

**"Mayor Oreja dice que Nunca Máis batasuniza la sociedad"** («Opinión», 13 febreiro)

**"Fraga secunda la tesis de Mayor Oreja de que el BNG batasuniza Galicia"** («Voz de Galicia», 14 febreiro)

**"Aznar: Se les acabó el chollo a los que ladran su rencor por las esquinas"** («Opinión», 27 xaneiro)

**"Manuel Fraga: Espero y pido a Dios no dejar en herencia una derrota electoral"** («El País», 19 xaneiro)

**"Vigo me recuerda a esa Italia que cuando mejor funcionaba era sin el gobierno"** (Francisco Vázquez, «Faro de Vigo», 19 febreiro)

**... "No corte usted por ahí (...) corte por el año 1000, cuando los andaluces tenían, y Granada tenía, varias docenas de surtidores de agua de colores distintos y horarios diversos y cuando en algunas zonas de esas llamadas comunidades históricas ni siquiera sabían lo que era asearse los fines de semana"** (Jiménez de Parga, Presidente del TC, «Faro de Vigo», 22 xaneiro)

## ACONTECE

O Secretario de Relacións Internacionais do BNG, Camilo Nogueira, vén de participar da delegación de 21 deputados da UE que se desprazaron a New York e Washington co obxecto de manter unha serie de encontros con representantes das Nacións Unidas e doutras organizacións sociais e diplomáticas cos que estudar unha posíbel saída ao conflito de Iraque. No programa destacan as reunións con Kofi Annan, Secretario Xeral da ONU, e Hans Blix, Presidente Executivo da Misión da ONU para a Verificación e Inspeccións. Esta viaxe complementa unha outra anterior, que tivo lugar entre o 2 e o 6 de febreiro, con destino Bagdad, para comprobar in situ a situación do país ameazada polas intencións bélicas dos EEUU.

O Consello Nacional celebrado pola formación nacionalista o 8 de febreiro aprobou a presentación de 150 candidaturas de cara aos próximos comicios municipais, e ultimou a confección doutras 100 candidaturas.

O contexto de pre-campaña que xa caracteriza a práctica política dos últimos tempos está levando ao Portavoz Nacional do BNG, Xosé Manuel Beiras, e a outros representantes da Executiva, entre eles, o seu Coordinador, Anxo Quintana, a percorrer as distintas comarcas do País para arroupar aos seus candidatos ás alcaldías e coñecer de perto as necesidades da zona, co fin de elaborar un programa de goberno o máis cercano á realidade da xente.

O Gabinete Técnico do BNG elaborou un documento pormenorizado coas "Liñas básicas para a Recuperación do impacto da catástrofe do Prestige e o Desenvolvemento Sócio-Económico de Galiza" que se pode atopar de xeito íntegro na páxina web [www.bng-galiza.org](http://www.bng-galiza.org). Un extracto do mesmo, redactado a xeito de Proposición de Lei, foi debatido no II Interparlamentar nacionalista, co obxecto do seu debate en pleno na Cámara galega.



[www.bng-galiza.org](http://www.bng-galiza.org) segue a ser o enderezo habitual da páxina web do Bloque Nacionalista Galego, mais desde o 1 de decembro presenta-se con novo deseño e novos contidos que pouco a pouco xa se están a completar para facer deste espazo virtual unha ferramenta útil de información e interrelación con militantes, simpatizantes e todo aquel que teña interese en pór-se en contacto con esta formación política ou coñecé-la mellor. É un proceso aínda inconcluso, ao que se están a sumar as páxinas comarcais, e no que podeis participar con aportacións para a súa melloría.



### CAIXA DE CORREO

Aberta ás tuas opinións...

<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

# Crónica dos 100 días

Vieiros, 21 de febreiro de 2003

20 de febreiro de 2003. O comisionado de Meio Ambiente para a catástrofe do Prestige di na Coruña que o fuel que se segue chegando á costa é o que se desprende das rochas contaminadas. Os mariñeiros de Muxia que continúan apañando chapapote din que é novo, visguento e que cheira igual que o que tinguiu o Coído en novembro. Cen días despois e as mesmas dúas versións.

O xogo da ocultación contra a lucidez dos ollos feridos. A información oficial bate contra unha realidade resistente. Milleiros de mariñeiros e mariscadoras, máis de 200.000 voluntarios, as imaxes do litoral petroleado e da mobilización social nas pantallas de todo o mundo: testemuñas de máis, probas dabondo. As autoridades enrocadas na defensa da súa xestión. Nengun momento de dúbida, nengunha desculpa efectiva, nengunha dimisión relacionada coa catástrofe. A reacción social, liderada pola Plataforma Nunca Máis, enche de alento democrático os pulmóns atordados do sistema. Para Aznar son "profesionais da axitación", "os que ladran o seu rancor polas esquinas". Centos de miles de cidadáns "enganados" por unha plataforma "partidista" cun lema ao que, sen embargo, todos se apuntan. Até Bush: "never again". Fraga tamén, se non fose por "alguns paxaros" que a dirixen. Pero se bloquean con subterfúxios legais as comisións de investigación no parlamento galego, no congreso dos deputados e no europarlamento. Nunca Máis pon en marcha a vía xudicial e o xuíz de Corcubión chama a declarar como imputados ao Delegado do Goberno en Galicia e a altos cargos de Fomento. Mentres tanto, a vida da xente do mar sofre directamente as consecuencias da falta de

traballo, da responsabilidade asumida da loita contra o desastre e da visión dun medio natural estragado. As axudas aos mariñeiros e aos sectores afectados forman parte do conxunto de medidas que un estado democrático debe ter previstas para unha situación semellante. O Plan Galicia deseñado polo goberno para recuperar a iniciativa política, marcar un punto final ("acabou-se", dixo Aznar) na percepción da catástrofe e "incorporar Galiza á modernidade" non conseguiu eliminar a sensación de "ausencia de estado" que a sociedade detectou desde un principio. O AVE queda lonxe de máis e o mundo vai con moita preña. Cen días despois falta aínda un estudo epidemiolóxico sobre as consecuencias do contacto co fuel; non está presentado un plan de prevención de saúde mental nas zonas afectadas; hai unha clamorosa ausencia de investimentos en formación e tecnoloxía. Falta sobre todo definir un modelo de país no que eses investimentos teñan sentido e os cartos non se esvaían entre os localismos mesquiños e os furados das redes clientelares dunha sociedade aínda sen vertebrar. "Temos que aprender a convivir co fuel", dixo o conselleiro de Pesca. Os galegos xa temos aprendido a convivir coas nosas propias carências, como se fosemos un povo histórica-

mente eivado. Quizais por primeira vez desde hai moitos, moitos anos e dunha forma definitiva a conciencia do noso desamparo non conduce á parálise e ao desánimo. Hai cada vez máis xente que pensa non só que outro país é posíbel, senón tamén necesáριο. E hai coraxe e enerxía dabondo para conseguilo.



Cabeceira da pancarta das mariscadoras de O Grove na manifestación de Madrid o 23 F

A executiva do BNG, deputados e deputadas e cargos institucionais participaron o 23 de febreiro na multitudinaria manifestación celebrada en Madrid e convocada pola Plataforma Nunca Máis para deixar constancia no Estado dun berro:

**Galiza: 100 por 100 dignidade.**

- O vice-portavoz do Grupo Parlamentar do BNG, Alfredo Suárez Canal, reclamou na Comisión Institucional da Cámara que a Fundación Arao conte cunha representación plural no seu padroado para garantir a transparencia na utilización dos fondos doados para paliar os efectos do Prestige.

- O Xuíz de Corcubión imputa a De Mesa pola mala xestión do Prestige. Unha querela da Plataforma Nunca Máis desencadeou a investigación xudicial, de aí que poucos días despois de facer-se pública a resolución do xuíz, De Mesa—cando a rumoroloxía daba por segura a súa dimisión— compareceu ante os medios para ratificar as decisións adoptadas por el e o goberno e para declarar que quen o imputaba verdadeiramente era Nunca Máis e, en último termo, o BNG, pois nas súas palabras é "unha imputación política".

- O grupo parlamentar do BNG no Congreso calificou de "conspiración de silencio do PP" que unha vez máis se impedira a comparecencia nas Cortes de Arsenio Fernández de Mesa, que foi demanda con insistencia polos nacionalistas.



O Bloque Nacionalista Galego principiou a pre-campaña para afrontar a cita electoral do 25 de maio, na que os galegos e as galegas elixirán aos seus representantes nos concellos de todo o país. Até esa data, o BNG tentará transmitir-lle á cidadanía que se pode facer unha política municipal diferente na que o cidadán sexa o protagonista, con gobernos ao servizo da maioría social e comprometidos co país.

# Concellos nos que a xente

Á fronte dalgúns das grandes cidades de Galicia o Bloque ten demostrado que a prepotencia e as prácticas clientelares poden ser substituídas polo diálogo e a transparencia, pola participación de todos e de todas, ten evidenciado que se pode gobernar promovendo os valores éticos no exercicio da política, e que o prioritario son as necesidades da cidadanía. O BNG ten demostrado que dispón de equipas de homes e mulleres capaces de transformar administracións outrora inoperantes en concellos áxiles e eficaces, que melloran a calidade de vida dos seus habitantes.

O BNG concorre aos comicios municipais convencido de que a xente deste país quere impulsar desde os Concellos a dinámica de cambio e rexeneración política que Galicia precisa.

Por iso o BNG ofréce-lle á cidadanía concellos nos que o dereito a discrepar, a expresar-se libremente, a reivindicar non convele represalias na prestación de bens ou servizos aos que ten dereito. Eliminar a simboloxía da ditadura e superar actitudes prepotentes, clientelares ou caciquis—próprias doutras épocas—é, para o Bloque Nacionalista Galego, o modo máis claro de amosar o seu **compromiso coas liberdades democráticas**.

Vigo, Pontevedra, Ferrol, son algúns exemplos da capacidade do Bloque para manter unha fluída política de **relacións interinstitucionais**, sen que iso implique deixar de lado o **talante reivindicativo**.

Confiar no Bloque é apostar por unha forza política que defende uns servizos públicos universais, de calidade e eficaces. Educación, sanidade, transporte, infraestruturas culturais e deportivas... para todose todas, porque a política municipal nacionalista está **ao servizo da sociedade**.

É posíbel harmonizar o desenvolvemento económico, a modernización das vilas e das cidades co medio ambiente. Preservar o entorno natural aproveitando as súas potencialidades para crear emprego, pór en marcha programas de aforro enerxético, promover a reciclaxe e as enerxías limpas forman parte do ideário dun BNG que cre no **desenvolvemento sustentável**.

Favorecer a creación de postos de traballo dentro dos propios concellos forma parte das prioridades coas que os nacionalistas concorren ás próximas eleccións. De aí que inclua a posta en marcha de “viveiros municipais” de empresas que faciliten o **fomento do tecido produtivo local e do emprego**, con preocupación especial pola mocidade.

Promover a igualdade real entre homes e mulleres é para o BNG algo máis que un desideratum amplamente repetido, e quere-se que sexa unha marca de identidade e de calidade da política municipal do Bloque. Planos de igualdade de oportunidades, accións para loitar contra a violencia de xénero, promover o benestar da muller son algunhas das medidas coas que a formación nacionalista **loita contra a discriminación de xénero**.

Apostar polo Bloque Nacionalista Galego é apostar por gobernos municipais que provomen o uso da nosa lingua, o autoconecemento e a autoestima de ser un povo cunha cultura e unha historia dignas de ser coñecidas e estudadas é, en definitiva, apostar pola nosa **identidade nacional**.



## Vigo, vitalidade na metrópole atlántica

Lois P. Castrillo e a súa equipa demostraron que son capaces de converter Vigo nunha cidade máis moderna, eficaz, mellor xestionada. Un feixe de proxectos en marcha, e o impulso da súa cidadanía, terminarán por dar-lle un volco definitivo, ate converté-la na grande metrópole atlántica. A novidosa “tarxeta verde” para o transporte público, comedores escolares subvencionados en todos os coléxios públicos, o Museo do Mar e o Museo de Arte Contemporánea, unha nova rede de iluminación, programas de fomento do emprego, rehabilitación dun cento de vivendas no casco histó-

rico, un millón de metros cadrados novos para instalacións industriais, adaptación de todos os parques infantís á normativa europea...son algúns dos logros do goberno nacionalista que, coa axuda de todos, aspira a seguir transformando Vigo nun lugar máis habitábel.

### Un Ferrol con visión de futuro

O goberno nacionalista encabezado por Xaime Bello foi capaz de borrar a imaxe dun Ferrol anclado nas secuelas da reconversión industrial, e debuxar unha nova cidade con visión de futuro. A xente de Ferrol disfruta agora dunha urbe con mellor calidade de vida, con máis servizos sociais e municipais, dun Ferrol máis habitábel, grazas ao incremento das zonas verdes e dos espazos públicos, grazas a unha política urbanística pensada para as persoas e belixerante coa especulación. O Ferrol de hoxe é máis solidario, coida do medio ambiente e disfruta dun maior nivel de benestar económico.



### Lugo, unha cidade de benestar e servizos

O BNG xestiona en Lugo as áreas máis sensíbeis, o que non impide que logre un amplo respaldo da cidadanía satisfeita pola mellora do Medio Ambiente, do casco histórico, co incremento da oferta de lecer e de cultura e porque aproban a xestión do transporte público. Os lucenses, igual que Branca Rodríguez Pazos, apostan por unha cidade aberta, humanizada, comprometida co país, por un Lugo de benestar e servizos.

### Un proxecto para Compostela

Calidade de vida, crecemento sustentábel, participación cidadá, cultura, eficacia e innovación: señas de identidade que marcan a diferéncia da xestión do BNG no goberno de Santiago de Compostela. Oito anos de experiencia como concelleiro permiten a Nestor Rego coñecer a cidade e os seus problemas, pero tamén as solucións, as súas fortalezas e oportunidades para facer que Compostela se convirta nun exemplo de futuro.



# e te sexa a protagonista



### Tres anos que cambiaron Pontevedra

En pouco máis de tres anos o Goberno nacionalista de Miguel Fernández Lores acadou unha Pontevedra con calidade, moderna, acolledora, dinámica, social e economicamente. Lores e a súa equipa lograron sentar as bases da Pontevedra do 2020, através dun concello convertido no motor da cidade. Un cambio visíbel na reactivación do comercio e da industria, nun turismo crecente, na posta en marcha dun proxecto ben definido de cidade cultural. Renovación e modernización dos seus espazos urbanos e un compromiso total cos barrios permitiron recuperar a cidade para os cidadáns.

### A Coruña, por un concello aberto e comprometido

O Grupo municipal do BNG, encabezado por Henrique Tello León, leva oito anos traballando ao servizo da xente, aportando solucións alternativas para acadar vivendas a prezos asequíbeis, postos de traballo industriais, para investir sen despilfarros, para racionalizar o tráfico apostando polo transporte público intermodal, para que A Coruña conte cun concello aberto, comprometido, que escoite aos cidadáns e cidadás. Tello propón que, a partir do 25 de maio, o Concello de A Coruña sexa a casa de todos.



### O momento de Ourense

Desde unha oposición construtiva, o BNG ofreceu alternativas viábeis para os problemas de Ourense. Frente ao urbanismo especulativo, Alexandre Sánchez Vidal propuxo un grande parque de equipamentos sanitarios e deportivos na finca da Deputación. Frente ao peche de ludotecas que exclue a 2.000 rapaces, aposta por mellorar os servizos educativos. Frente a un plan de urbanismo que ignora o interese xeral, defende un incremento da vivenda pública. Mellor calidade de vida, un crecemento sustentábel, maior participación cidadá e unha xestión eficaz, porque é o momento de Ourense.



# Porto Alegre

## a referéncia para unha nova orde mundial

Na segunda quincena do mes de xaneiro desde hai tres anos, a cidade de Porto Alegre no Estado de Rio Grande do Sul en Brasil converte-se na capital mundial de miles de persoas contra a globalización e o neoliberalismo económico.

Nesta terceira edición, cunha participación de máis de 120.000 asistentes, o Forum Social Mundial (FSM) foi o foro de todos os foros ao acoller a máis dun centenar de países con trinta mil delegados e cinco mil organizacións, que participaron en centos de mesas redondas, paneis, obradoiros e seminarios.

A posíbel guerra contra Iraque, a construción dunha nova Europa ou a situación dos máis débiles e humildes do planeta foron eixos fundamentais dun encontro mundial, que deu un rotundo NON á globalización liberal, e que aposta pola idea expresada no lema do encontro "Um outro mundo é possível".

Unha delegación do Bloque Nacionalista Galego encabezada polo seu portavoz, Xosé Manuel Beiras, o eurodeputado Camilo Nogueira, os deputados autonómicos Domingos Merino e María Pilar García Negro e o concelleiro de Sanidade e Deportes de Vigo, Santiago Domínguez, asistiu a este Foro que, unha vez máis, confirma-se como única alternativa ao que os grandes poderes económicos e políticos celebran simultaneamente na cidade suíza de Davos.

Para Xosé Manuel Beiras, o Forum Social Mundial foi unha clara expresión "do espírito" dos milleiros de persoas que eses días participaron en actos emblemáticos como a manifestación contra a globalización ou o multitudinário mítin do presidente do Brasil, Luiz Inácio Lula Da Silva, do que o director de *Le Monde Diplomatique*, Ignacio Ramonet, manifestou: "Miles de brasileiros están



A presenza do BNG, levou a Porto Alegre as denuncias e as demandas da Plataforma Nunca Máis.

descobriendo que, con vontade política, un dirixente honesto pode empazar a cambiar radicalmente as cousas".

A presenza do BNG, única delegación galega asistente, levou a Porto Alegre as denuncias e as demandas da Plataforma Nunca Máis. Ademais, o eurodeputado Camilo Nogueira participou nunha Mesa de Debate baixo o título "Despois de Johannesburgo qué", acadando que as resolucións finais do Foro Parlamentar incluíran a demanda de reforzar a seguridade marítima.

Nogueira lembrou que a catástrofe do *Prestige* é "unha evidencia" de que a falta de seguridade no mar pode ter "efeitos ruinosos" para un país como Galiza. O europarlamentario exixiu que se adopten medidas para evitar que

se repitan acontecementos similares ao sinistro provocado polo buque, entre as que subliñou a necesidade de "aloxar e prolongar" o corredor marítimo máis aló das 28 millas actuais para o transporte de cargas perigosas e dispor de medios de control que garantan a implantación desta medida.

O eurodeputado nacionalista tamén demandou da Unión Europea e do Estado español que as inspeccións aos buques "sexan do 100%" e que os controis sexan obrigatórios en todo o territorio comunitario. Nogueira solicitou rotas predeterminadas con puntos de notificación obrigatória para acceder aos portos e ás rias galegas.

Finalmente, propuxo instar ao Goberno do Estado e da UE á ela-

boración de propostas no ámbito do dereito marítimo internacional, que permitan aos estados ribeirños controlar e limitar o tráfico de buques que transporten mercaderías perigosas. En particular para todos aqueles barcos que superen os 15 anos de antigüidade, monocascos que transporten fuel e alquitrán e que supoñan un risco real ou potencial para o medio mariño.

A axenda de actividades da delegación galega en Porto Alegre incluíu diversas xuntanzas co Grupo europeo Verdes-ALE, do que forma parte o eurodeputado do BNG, Camilo Nogueira, e encontros cos ministros brasileiros de Reforma Agraria e das Cidades, Miguel Rosseto e Olivio Dutra respectivamente.

Os deputados nacionalistas participaron na multitudinaria manifestación de apertura do



FSM "Pola Paz e Contra a Guerra Imperialista", portando diversas pancartas co lema Nunca Máis, á que se sumou o ex-presidente portugués Mario Soares. A delegación do Bloque comprobou in situ como moitas persoas se achegaban para transmitir-lle o seu rexeitamento ás agresións ao ecosistema, nunha demostración de total solidariedade con Galiza.

O Forum Social Mundial agardaba expectante as conferencias previstas no estadio de baloncesto do Gigantinho, cun aforo de 15.000 persoas ao completo nas conferencias impartidas por Samir Amin, Eduardo Galeano, José Saramago, Noan Chomski ou Ignacio Ramonet, todos eles reconocidos intelectuais críticos cunha globalización que só está a ensanchar a fenda entre países ricos e pobres.

# Helena Bonumá, secretaría

## do Goberno de Porto Alegre e membro da Dirección do PT

### “O obxectivo do Goberno Lula é conquistar a soberanía nacional para o Brasil”

“Como realidade nacional, o Brasil existe desde comezos do século XVI, mas aínda non conquistou plenamente a súa soberanía. Este é o verdadeiro obxectivo do primeiro Goberno Lula”.

Quen así fala é Helena Bonumá, secretaría do Goberno de Porto Alegre e membro da Dirección do Partido dos Traballadores, a organización máis importante da esquerda latinoamericana. Helena visitou o noso país convidada pola Fundación Galiza Sempre e concedeu-lle unha entrevista ao voceiro do BNG.

**Hai quen di que o PT ten como propósito deseñar unha alternativa desde as institucións que estexa a meio camiño entre o Goberno Allende e o Goberno de la Rúa. Comparte esta visión?**

Bon, eu teño máis esperanzas do que iso. O Goberno De la Rúa foi un desastre para a Arxentina. En troca, o Goberno Allende tentou levar a termo un proxecto verdadeiramente transformador, mas fracasou pola conxunción dunha serie de variábeis que sinceramente non vexo que se dean neste momento no Brasil. Os Estados Unidos conspiraron contra Allende e aproveitaron que o Goberno da Unidade Popular estaba a ser moi acosado pola oligarquía. O movemento social chileno non adquirira suficiente forza para enfrentar toda esa presión. A historia non sempre se repete e, desde logo, o Goberno Lula si dispón dun respaldo social muito máis forte. Quero lembrar que a esquerda chilena á altura do 73 non chegara a alcanzar o grao de coesión que si ten nestes momentos o conxunto das forzas transformadoras do Brasil.

**O apoio dos movementos sociais é pois a chave para a realización dunha política alternativa, non é?**

O que está claro é que un goberno irá ter problemas se realmente a súa política pon en causa aos poderosos, se realmente cues-

tiona a distribución da riqueza, se realmente defende a xustiza social. Nós temos os mesmos obxectivos que a Unidade Popular de Allende. E por iso dedicamos moitas enerxías a afortalar os movementos sociais e a entender que estes so poden ser verdadeiramente fortes e útiles se axiren con autonomía respecto da esfera política. Se os movementos sociais se desenvolven con plenitude, entón o goberno poderá descansar neles para realizar unha política transformadora.

**Lula está a despertar unha enorme esperanza na esquerda mundial. Non temen defraudá-la?**

O PT sempre se sentiu parte integrante do movemento socialista internacional. Nós sempre ollamos para o mundo, así que vemos con normalidade que o mundo olle para nós. Durante os 20 anos da ditadura militar, estudamos experiencias doutros países, tiramos proveito de moitos dos experimentos e dos ensaios da esquerda transformadora en toda a parte do planeta. Debates moitos sobre as revolucións española, alemá ou rusa. Somos herdeiros de todo ese movemento. Facemos parte dunha construción que vai muito alén do que é o PT. O Foro Social Mundial de Porto Alegre é muito iso, o convívio entre as distintas experiencias da esquerda anticapitalista. Agora temos o goberno e a responsabilidade de levar a práctica as nosas políticas.

**Nun contexto enormemente difícil...**

Sempre foi o PT unha forza realista. Partimos da realidade para transformá-la. Mas non somos uns recién chegados. Temos experiencia de goberno nas prefeituras e en varios Estados. E toda a xente xa sabe o que fai o PT no goberno: democratiza as institucións, pon-nas ao servizo do pobo, combate a corrupción, frea as privatizacións e realiza reformas fiscais verdadeiramente progresivas. O primeiro Goberno Lula visará arrumar a casa, poñé-la en orde. Enfrentamos problemas sociais gravísimos: rematar coa fame, facer a reforma agraria... Esas son tarefas inadiabais ás que dedicaremos todos os nosos esforzos.

**O PT é tamén un modelo partidario que se está a converter en referente para toda a esquerda mundial. Como se chegou á súa conformación?**

O PT é produto da integración creativa do pluralismo da esquerda. Reune componentes muito diversos. Podemos dicir, no entanto, o que os une. Digamos que, no momento fundacional, toda a xente tiña claro que non quería un partido estalinista, de tipo soviético. Mas tampouco se quería un partido socialdemócrata, de corte occidental. O resultado foi a construción dun partido de esquerda anticapitalista adaptado á realidade nacional do Brasil. Un partido non populista, senón popular. Un partido que ten claro que no marco do capitalismo non é posíbel nen o desenvolvemento harmónico da nosa sociedade nen a viabilidade futura da Humanidade.



Helena Bonumá, na recente visita a Galiza.

**Falabas antes da relación cos movementos sociais. Non sempre é doado o diálogo entre as organizacións políticas e as sindicais ou culturais, non é así?**

Esá é unha cuestión verdadeiramente chave de todo o proceso de cambio. No PT analizamos este asunto unha e outra vez. A conclusión é que a autonomía dos movementos sociais nunca pode ser un problema. Ao contrario: moitas veces é a solución. O fundamental é delimitarmos o campo. Para nós, a dialéctica básica está entre os que exploran e os que son explorados. Nós, o PT, estamos no mesmo campo que o Movemento dos Sen Terra ou a Central Unificada dos Traballadores. Representamos aos que son explorados. Iso non significa que teñamos a mesma función. Cada quen debe traballar desde os seus respectivos territorios, mas sabendo que é o que nos une e a quen temos que combater.

**Quen ameaza a soberanía nacional do Brasil?**

As forzas que sustentan os proxectos neoliberais. Basicamente, as institucións do capital financeiro internacional que veñen controlando a riqueza de Latinoamérica desde que esta rexión foi inserida no marco da economía transnacionalizada. Estas institucións internacionais tiveron sempre o apoio de amplos segmentos da oligarquía brasileira.

**Un empresario que factura millóns de dólares é vicepresidente do Goberno Lula. Haberá quen diga que isto é un paradoxo.**

José Alencar é un patriota que representa a un segmento do empresariado que concorda co PT en que o fundamental é primar ao capital produtivo no canto de continuar cunha política suicida de subordinación permanente ás necesidades do capital financeiro ou especulativo. Alencar participa do proxecto do PT de garantir a soberanía nacional e de promover un modelo de desenvolvemento autocentrado.



Sede Nacional  
Avenida Rodríguez de Viguri 16, baixo  
15702 Santiago de Compostela  
Servizos Nacionais:  
Tel. 981 555 850 / Fax: 981 555 851  
E-mail: sedenacional@bng-galiza.org  
Páxina Web: www.bng-galiza.org

Colaboraron neste número:  
Álvarez, Amanda; Gonzalez, Sandra; Macías, Xabier;  
Mexuto, Xosé; Muras, Xan; Permuj, Uqui; Ríos, Xulio;  
Varela, Tereixa; Veloso, Iolanda.

## OPINIÓN

# A petroguerra

O petróleo desempeña un papel substancial na explicación das razóns ocultas que están no cerne da guerra contra Iraq. Segundo Michel Renner, do Worldwatch Institute, Estados Unidos precisará importar en 2025 o 70% dos seus recursos enerxéticos fronte a un 55% en 2001. Por mor do esgotamento dos xacementos propios e dos ubicados nos países produtores non membros da OPEP, a maior parte do seu aprovisionamento deberá proceder do Medio Oriente.

O acceso ao petróleo do Golfo é clave para Estados Unidos. Nas últimas décadas maquinou mil e un plans para garantir-se unha posición de influencia e de control xeo-político da rexión, unhas veces por medios armados, outras por vías económicas. A instalación en Iraq dun goberno amigo salvaría un obstáculo importante. As empresas norteamericanas e británicas viñan contemplando con estupor os avances de TotalFinaELF, a multinacional francesa do sector, confortabelmente instalada en Bagdad. Empresas rusas e chinesas facían o propio, perdendo o medo á presión estadounidense. Os respectivos países resucitaban de cando en vez no seo da ONU a necesidade de rematar coa política de sancións. Non é de estrañar o seu posicionamento fronte a unha campaña bélica que non lle garante en absoluto a pervivencia dos vencellos comerciais actuais. A unanimidade na aprobación da resolución 1441 foi un espellismo.

De Ásia Central a África, Estados Unidos procura o control de todos os recursos posibles e manobra para debilitar aos potenciais rivais (Unión Europea, Rúsia, China). Cuestionadas seriamente as relacións con Riad despois do 11-S, Washington precisa diversificar en maior

grado as súas importacións. A industria petrolífera de Bagdad é fundamental para controlar o mercado do sector e o conxunto da economía mundial, para debilitar a influencia da OPEP e reducir a importancia de países como Rúsia ou Venezuela. En Iraq gañaría o tempo preciso en tanto se construen as infraestruturas necesarias para explotar os recursos de Ásia Central e outros lugares (Madagascar, Congo, Guinea, corno de África), onde a presenza civil e militar norteamericana, ao abeiro da loita antiterrorista, comeza a adquirir sinais de permanencia.

E para acadar esta paz negra, nada mellor que garantir-se unha posición hexemónica incontestábel, non pola vía dun liderado moral, ideolóxico, ou económico, senón da única maneira en que temporalmente se poden soste as situacións de inxustiza: cun orzamento en defensa que equivale ao 36 por cento do total dos gastos militares do mundo enteiro, máis que a suma total dos comprometidos por Reino Unido, Franza, Alemaña, Rúsia, Xapón, China ou India. Moito poderio, pero sempre insuficiente para quen pretenda basear a súa razón na máis indecente arbitrariedade.

Xulio Ríos é director do IGADI (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional), [www.igadi.org](http://www.igadi.org)



Despregue dunha pancarta co lema "O petróleo mata en Galicia e en Iraq" na manifestación do 23-F na madrileña rúa de Alcalá.

[Pop antibelicista

**"Que harías tu en un ataque preventivo de George Bush...?"**

(Polanski y el Ardor, en versión 2003)

**Non digas que non sabes**

## CONTACTA CON NÓS

Se queres recibir máis información ao respecto do BNG sobre cos teus datos este cupón e envia-o á Sede Nacional do BNG: Rodríguez de Viguri 16, baixo, 15702 Santiago. Tel: 981 555850 / Fax: 98155 58 51. E-mail: [sedenacional@bng-galiza.org](mailto:sedenacional@bng-galiza.org)

Nome e Apellidos: .....  
Enderezo: ..... Localidade: .....  
CP: ..... Teléfono: ..... Idade: ..... E-mail: .....

Receber gratuitamente a revista BE-NE-GA  Receber información para afiliarme ao BNG



O Golfo Pérsico representa aproximadamente o 65% das reservas mundiais coñecidas e procura o 30% da produción mundial de petróleo. Arábia Saudi, primeiro produtor, representa a cuarta parte dese total, pero a clave está en Iraq. As súas reservas ocupan o segundo lugar en importancia, cunha salvedade que en moitos espertas as máis insaciábeis ambicións: a maior parte do seu territorio está por explorar.

E para acadar esta paz negra, nada mellor que garantir-se unha posición hexe-